



Fernando Buide

Comeza a súa carreira musical en Santiago de Compostela, pasando por Oviedo e a Universidade de Yale.

Entre os seus últimos proxectos figura unha ópera escrita baixo o mecenado da beca Leonardo da Fundación BBVA en colaboración co dramaturgo Fernando Epelde; coa orquestra Real Filharmonía de Galicia dirixida por Paul Daniel e a dirección escénica de Marta Pazos.

Asimesmo, en Febreiro de 2020 estrea o seu concerto para órgano e orquestra, encargo da Orquestra Nacional de España, con Juan de la Rubia como solista e Diego Etxebarria á batuta.

FERNANDO BUIDE

MESTRE DE COMPOSICIÓN

Historial Académico

Fernando Buide del Real realizou diferentes formacións e licenciaturas, sendo hoxe en día mestre superior de piano, mestre superior de Música de Cámara, mestre de solfeo, repentización e acompañamento e mestre de composición.

Doutor pola universidade de Yale, Buide estudou tamén na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh así como nos conservatorios de Oviedo e Santiago de Compostela, a súa cidade natal, onde se formou como compositor, pianista e organista.

Entre os seus mestres de composición salientan Leonardo Balada, Martin Bresnick ou Aaron Kernis. Estudiou piano con Tsiala Kvernadze e Lidia Stratulat e órgano con Antonio Díaz Corveiras e Donald Wilkins.

Experiencia

A música de Buide foi programada por gran parte das principais orquestras españolas (Euskadi, Bilbao, Navarra, Sinfónica de Madrid, Sevilla, ORTVE, Tenerife, JONDE, Gran Canaria, Asturias, etc) así como outras estranxeiras como a Sinfónica de Pittsburgh ou Minnesota. Traballou con directores como Osmo Vänska, Libor Pések, Dima Slobodeniouk, Rossen Milanov, Pablo González, Martínez Izquierdo, José Ramón Encinar, Miguel Hart-Bedoya, Erik Nielsen, Clemens Schuldt ou Lorenzo Viotti; particularmente estreita é a súa relación co mestre Paul Daniel, que dirixiu ata catro estreas absolutas do autor con formacións como o Coro e Orquestra da Comunidade de Madrid ou a Real Filharmonía de Galicia.

Entre outros premios recibiu o AEOS-BBVA na súa séptima edición, o premio Michael Friedmann de investigación da Universidade de Yale ou o premio Harry Archer de composición orquestral (2006).

Buide foi tamén compositor en residencia na Real Academia de España en Roma. Foi becario da fundación Barrié da Maza e do Instituto de Estudos Internacionais. É ademais membro da sociedade de honra Pi, Kappa, Lambda (Pittsburgh 2007).

A súa música foi programada en festivais como Granada, Quincena Musical Donostiarra, Cádiz, San Sebastián, El Escorial, Dartington ou New Music New Haven. Os festivais Via Stellae e Are More dedicaron monográficos á súa música. É membro fundador do Ensemble Música Práctica.